

A CASTAÑEIRA EN SANTIAGO

(XIVÉDITA)

Mosiñas madrugadeiras
Que, todas cheas de frío,
Á sidá vindes lixeiras
Á fase-l-o vòso avio
E volvés às vòsas leiras
A traballar de cotío,
Castañas cosidas vendo.
¡Ai que ricas fervendo!

Rapasas, quentade as mans;
Un carto d'elas siquera,
Que non aturan os cans,
Un carto dá-o calquera,
E n' estas cruas mañans
Forra-l-o mal parecera,
Sabrosas aquí as tendo.
¡Ai que ricas fervendo!

Traguen loito ; non fan caso .
Usté , señor estudante
D' o pelo rojiño e laso ,
Bóteme tres cartas diante
E dúsia e média lle paso .
Quietiño... Non sea tunante ,
Qu' atendo agora ò qu' atendo .
¡Ai que ricas fervendo !

Tres cartos bèn deséados ,
Juntos tres cartos teño :
Quesais aqueles soldados ,
Deixando o melitar seño ,
D' o meu corpiño prendados ,
As almorsen , se m' empeño
En atraguélos, desendo :
¡Ai que ricas fervendo !

Señores , que se m' acaban
E son rosendas d' a Ulla .
Ont' o ferrado pagaban
A seis reás , non è pulla ,
E aind' así n' as soltaban .
Almibre , sin carambulla ,
Vanse n' a boca fasendo .
¡Ai que ricas fervendo !

Degaros son escollidos ,
Castaniñas d' a restéla ,
Jurarei qu' entr' os nasidos
Non hai quén lles poña aquéla .
A probar , pois , sin cumpridos ;
A proba non se reséla
E á anis irá resendendo .
¡Ai que ricas fervendo !

Oliña, levach' un toque ;
Non foran soldados eles ;
Valen mais qu' algun bodóque
E todos eses fardêles
De lufanda e pau d' estóque,
Chupatorsidas, pelêles
A nosa conta ollesendo .
¡ Ai que ricas fervendo !

Pró eiquí á Doña Urbana,
A comersianta d' enfrente.
Nadie en boiña lle gana ;
Decote me tén presente .
Colla, miña parroquiana,
Pra usté e pra o seu pariente
Qu' outras estan ja cosendo.
¡ Ai que ricas fervendo !

Marcial Valladars.
